



Crónica da celebración dos 40 anos de *Encrucillada*

Lucía Santiago Díaz

Á tardiña do venres 19 de xaneiro, na Coruña, xuntámonos para celebrar o corenta aniversario desta nosa revista. Dende 1977 ata 2017, dende Galicia e en galego, Encrucillada leva tendendo pontes entre o mundo relixioso e o mundo da cultura, da ciencia, da igrexa, da política... Tiñamos que celebralo!

O salón da Real Academia Galega (RAG) estaba cheo, alguén diría despois «Como fixestes para traer tanta xente?» Un cámara tiña listo o seu equipo para comezar a gravar e varios fotógrafos xa comezaran a cubrir o evento. A inmortalización dos catro relatores sostendo os dous tomos da monografía feita para a ocasión «As Letras Galegas na Encrucillada - Estudos literarios en 40 anos da revista», marcou o inicio oficial do evento.

Foi un acto xeitoso e equilibrado. Cada relator apuntou un aspecto distinto e con estilos diferentes que se complementaban entre si. Dende Marisa

Vidal Collazo, do equipo editor e secretaria da mesa de redacción de Encrucillada; Pedro Fernández Castelao, director da revista; Andrés Torres Queiruga, presidente da Asoc. Encrucillada; e Víctor Fernández Freixanes, presidente da RAG, quen tamén actuou como moderador.

O que non se pode transcribir é a interpretación das pezas musicais por parte do dúo Fran&Marina que deixaron abraiado a todo o público. Catro pezas para voz e guitarra, versionadas a ritmo de música moderna. Por certo, entre as cales estaba a Rianxeira, que foi a primeira vez que se tocaba na RAG.

O final marcouno un aperitivo nun establecemento próximo. Esta monografía non debería faltar na casa de ningún subscritor da revista. Quen aínda non a teña pode pedila a: Librería La Voz de la Verdad, Bispo Aguirre, 17, 27002 Lugo. Tel. 982 23 11 04, www.lavozdelaverdad.es

Lucía Santiago Díaz